



A FOLLA DA CGT

Núm. 2, 3 nadal 2019

CGT

Boletín informativo da Sección Sindical Unitaria da CGT en Navantia-Ferrol

Calendario laboral

O comité propuxo 5 días de libre disposición. A empresa fixo a súa contraproposta rebaixándoos a 3 e metendo 2 pontes. Ademais de campañas de propaganda para dar imaxe de moderna, ten que haber feitos. Un bo feito sería permitir unha maior conciliación coa vida familiar aumentando o número de días de LD e/ou permitindo disfrutalos por horas.

Carga de traballo

Trala mobilización comarcal do pasado 28N, se discutíu un novo calendario de mobilizacións. O venres pasado, a permanente do comité acordou propoñer ós delegados da IA unha xuntanza con Feijoo ou co conselleiro de industria para antes do Nadal, e outra en Madrid, en xaneiro (cando se constituía o novo goberno), para entregar as sinaturas recollidas. Mentres o Comité fai a entrega, os traballadores faríamos algunha acción nas factorías. Entre tanto, seguiríamos coa recollida de sinaturas acudindo a 7 concellos da comarca.

A **CGT** propuxo que eses actos de entrega de sinaturas poderían ser pasos intermedios orientados a preparar unha nova mobilización de maior intensidade cá do día 28.

Desestimouse alegando que fixar obxectivos

Hai que tomar medidas contra a sinistralidade laboral

A recente vaga de accidentes non é casualidade: ten causas e ten culpables

A finais de novembro houbo outro accidente mortal en **San Fernando**, o segundo en cinco semanas. Como noutras ocasións, celebráronse asembleas de traballadores que decretaron xornadas de loito.

Desta volta, a Empresa tivo una actitude moi diferente, cunha oposición activa ós paros alegando que *as corbetas saudís non podían perder tantas horas e que cun minuto de silencio era suficiente*.

Para tratar de impoñer o seu criterio, negouse a chamar ós autobuses que trasladan a moitos traballadores, e así impedir que abandonasen as factorías.

Os comités de San Fernando e Puerto Real sacaron comunicados moi duros, respondidos pola dirección a través dun correo electrónico, enviado a toda Navantia,



que se resume así: *todo está estupidamente*.

O desmentido chegou ese mesmo día: dous compañeiros feridos por caída dun andamio en Fene.

A saúde non se vende, deféndese!

Dende a **CGT** nos sumamos á petición de dimisión de diferentes responsables de Navantia esixida polos compañeiros da bahía de Cádiz.

Está claro que tamén na Prevención hai que loitar para recuperar terreo.

que implicasen folgas ou manifestacións tiña un efecto desmobilizador.

Este luns, a comisión da IA reuniuse cos delegados para trasladar a proposta e fixar un plan de mobilizacións. Sorprendentemente, durante a reunión, algúns membros da comisión de IA plantexan que dificilmente teremos unha audiencia coa *Xunta* en vindeiros meses, xa que a última tardamos case ano e medio en conseguila. Os delegados plantexaron que un plan de mobilización sen manifestacións, sen parar as horas extra, etc. é totalmente insuficiente.

Finalmente chegouse a unha proposta de mobilizar na primeira quincena de xaneiro e que unha representación dos comités de empresa acuda ós concellos para pedirilles que contribúan á recollida de sinaturas.



Contacta con nos:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13

Correos electrónicos:
cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Búscanos tamén en Facebook,
Twitter e Instagram



CGTNavantiaFE

Rexistro da xornada laboral mediante os tornos

A semana pasada, a comisión da Industria Auxiliar reuniuse coa empresa para pedirlle que obrige ás compañías a implantar un sistema de rexistro da xornada laboral tal como di a normativa aprobada polo Ministerio de Traballo en maio, un sistema non susceptible de ser manipulado polas empresas.



A **CGT** previamente plantexáramos que a nosa reivindicación tiña que ser que ese rexistro o faga Navantia mediante os tornos e barreiras de acceso ó recinto. A comisión negouse a aceptalo alegando que era totalmente inviable.

Na reunión, Navantia explicou que viña facendo un control perimetral dende hai algo máis dun ano, e que ese control se empregaba para evitar o abuso de prolongacións de xornada. O departamento de Compras analiza semanalmente os datos do rexistro para esixir ás compañías que corrixiran os excesos. Agora hai que utilizar eses rexistros de entradas e saídas para garantir os descansos entre xornadas.

Compañeiros de Sestao

A empresa négase a darlles a *copia do contrato* que asinaron a algúns dos compañeiros provenientes de **La Naval**. Outro detalle máis que amosa o crecente autoritarismo patronal en *Navantia*.

FP Dual

Co apoio de CCOO, MAS e UGT, o pleno do comité aprobou pedirlle á empresa o ingreso en Navantia dos estudantes de FP Dual. **CGT** e CIG votamos en contra. Por suposto, non estamos en contra de que haxa máis ingresos, pero decretar a touro pasado que a FP Dual é a Escola de Aprendices e pedir que haxa prazas de ingreso só para ela non é xusto. Dado que este tema está a causar moito malestar, a **CGT** esixe someter o acordo a unha asemblea xeral. E a continuación, proceder a estudar o papel da FP Dual en Navantia.

¿Debe o comité de Navantia tutelar os comités da IA?

A comisión da Industria Auxiliar ven de acadar un preacordo coa empresa **SOAMAR** para pagar segundo o convenio provincial de Sidero. Tamen vai pagar o complemento na modalidade de Servizos dos acordos para a IA dos estaleiros de Ferrol. Este preacordo tamén recolle que en futuras licitacións a empresa asumirá o convenio provincial e aboará os complementos correspondentes á modalidade de Aceiros.

Tras este preacordo, a comisión reuniuse co comité de empresa de Soamar para trasladarllo. O comité de Soamar pareceulle moi positivo e comentou que sometería o preacordo á decisión dos seus traballadores en asemblea xeral. Nese momento, o responsable da comisión de IA *suxeriulle* ó comité

de Soamar que era mellor non sometelo a votación, ipor medo a que os traballadores votasen en contra! Os compañeiros de Soamar plantexaron que os traballadores ían votar a favor con total seguridade, ante o que o responsable da comisión de IA continuou insistindo en que non se sometese a votación. Nese momento, tanto a **CGT** como a UGT plantexamos que por suposto que había que sometelo a votación, máxime se hai algunha dúbida respecto do resultado da mesma.

O papel do comité de Navantia non debe ser intentar trasladar á IA o sindicalismo ilustrado de "todo para os traballadores pero sen os traballadores" predominante na principal.